

**CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA.
MENDE, OURENSE**

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL**

**CONTIDOS MÍNIMOS,
CRITERIOS DE AVALIACIÓN E
PENDENTES
Curso 2021-22**

Membro do departamento.

Este departamento é unipersoal e cubre todas as horas da materia. Está composto por Xosé Manuel Rodríguez Alonso, Xefe do Departamento.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Grao mínimo de consecución dos estándares para superar a materia.

1º ESO

1º trimestre

UNIDADE 0

A percepción e a composición. Historia da arte. Esta unidade iráse intercalando coas demais ao longo de todo o curso.

Obras, autores e épocas

Proceso de creación, fases

Evolución das artes visuais ao longo da historia

UNIDADE 1

Proporcións

A Figura humana. Rallolas

Aplicación dun canon

UNIDADE 2

A comunicación visual.

Pictogramas.

Aplicación da liña e a cor

Trazado de rectas cun xogo de escuadras

O signo e o símbolo

UNIDADE 3

A percepción e a composición.

Pintura flotante/casual, Indicadores de profundidade. Historia da arte

Texturas naturais e artificiais

Visuais ou táctiles

A expresividade das texturas

UNIDADE 4

Procedementos e técnicas gráfico-plásticas

Marcapáxinas colaxe

A colaxe

Figura-fondo

UNIDADE 5

A cor

Árbore fría e cálida

A cor e as sensacións: gamas cromáticas

A cor como expresión

Manexo de escuadra e cartabón

2º trimestre

UNIDADE 6

Proporcións

Bodegón xeométrico

Relacións entre as partes e o todo nun debuxo

Os valores tonais

UNIDADE 7

Trazados e formas xeométricas

Segmentos e ángulos

Operacións con segmentos

Trazados e operacións con ángulos

UNIDADE 8

Triángulos, cuadriláteros e círculo

Triángulos

Cuadriláteros

Trazado da circunferencia
División da circunferencia
Elementos xeométricos dos polígonos regulares
Métodos para a construción dos polígonos regulares.

UNIDADE 9

Trazados e formas xeométricas e composición

Polígonos

Polígonos estrelados e indicadores de profundidade

Triángulos
Cuadriláteros
Trazado da circunferencia
División da circunferencia
Elementos xeométricos dos polígonos regulares
Métodos para a construción dos polígonos regulares.

UNIDADE 10

Proporcións

Xerra e boneco/modelo individual

A forma, clasificacións
Bidimensionais e tridimensionais
O tamaño: medidas e magnitudes

3º trimestre

UNIDADE 11

A percepción e a composición.

Cartel e comentario. Imaxe dixital; composición abstracta con figura.

O símbolo e o signo na comunicación visual

UNIDADE 12

Trazados e formas xeométricas e composición

Greca xeométricas

Trazado de rectas cun xogo de escuadras
Trazado da circunferencia
División da circunferencia
Elementos xeométricos dos polígonos regulares
Ritmo

UNIDADE 13

Volume

Octaedro e maquetas en papel. Poliedros e paralelepípedos

Desenvolvemento de corpos tridimensionais
Poliedros e paralelepípedos

3º ESO

1º trimestre

UNIDADE 0

A percepción e a composición. Historia da arte. Esta unidade irase intercalando coas demais ao longo de todo o curso.

Obras, autores/as e épocas diferentes

UNIDADE 1

As imaxes

Composición e comentario. Pintura flotante/casual.

Os compoñentes dunha imaxe

A composición

O proceso de creación.

UNIDADE 2

Manexo das escuadras

Repetición dun debuxo xeométrico. Lacería celta.

A visión espacial bidimensional aplicando as escuadras

UNIDADE 3

Postal.

A Colaxe.

UNIDADE 4

Ilustración

Ilustración dun conto en grupo

Procedementos para a ilustración

Ilustración en grupo dunha historia común.

UNIDADE 5

Transformacións xeométricas

Igualdade, xiro, translación, homoloxía, simetría

UNIDADE 6

Enlaces e tanxencias

Normas que rexen os enlaces

Aplicación de enlaces.

2º trimestre

UNIDADE 7

Iniciación aos sistemas de representación

Barreñón. Croque, vistas, perspectivas isométrica, cabaleira e cónica.

Principios da representación en debuxo técnico.

UNIDADE 8

O debuxo do natural

Bodegón a carbón/lapis

Procedementos plásticos

A proporción entre as partes e o todo

O paso de tres a dúas dimensións

UNIDADE 9

Isométrica, cabaleira e vistas

Correspondencia entre a planta, alzado e perfil, e a perspectiva isométrica. Métodos de elaboración dos debuxos

UNIDADE 10

Isométrica e cabaleira

Evolución de formas

Cambios nunha mesma peza para mellorar a visión espacial.

3º trimestre

UNIDADE 11

Escalas

Vistas e escala I

Vistas e escala II

O concepto de escala na representación

Escala gráfica

UNIDADE 12

Acoutamento e Escalas

Acoutamento e escala I

Acoutamento e escala II

Acoutamento e escala III

Normas de acoutamento

O concepto de escala na representación

Escala gráfica

UNIDADE 12

Cónica central

Cuña

Escalearas

Método para a perspectiva cónica central

UNIDADE 13

As 3D

Animais con arames

Relación entre as dúas e as tres dimensións

Procedementos sinxelos

4º ESO

1º trimestre

UNIDADE 0

A percepción e a composición. Historia da arte. Esta unidade irase intercalando coas demais ao longo de todo o curso.

Obras, épocas e autores/as

UNIDADE 1

Elementos do sistema diédrico

Punto recta e plano

O alfabeto de punto liña e plano

UNIDADE 2

Vistas

Vistas desde diferentes alzados

Movemento de figuras xeométricas no espazo

UNIDADE 3

O sistema diédrico

Iniciación ao sistema diédrico I e II

Situación do punto

Tipos de rectas

Tipos de planos

UNIDADE 4

O debuxo do natural

Bodegón a carbón/Lapis

Procedementos plásticos

A proporción entre as partes e o todo

O paso de tres a dúas dimensións

Procedementos

UNIDADE 5

O espazo e as perspectivas I

Debuxar a vista que falta

Afondamento na perspectivas

UNIDADE 5

O espazo e as perspectivas II

Perspectiva das vistas

Afondamento na perspectivas

UNIDADE 6

A figura humana

Siluetas a pincel

Proporción , movemento e composición.

2º trimestre

UNIDADE 7

Acoutamento

Acoutamento peza A

Acoutamento peza B

Normas de acoutamento

UNIDADE 8

Vistas e escalas

Vistas e escalas III

Proporcións e escalas gráficas

UNIDADE 9

O deseño

Deseño dunha camiseta

Procedementos e fases dun deseño

A ferramenta dixital

UNIDADE 10

O deseño industrial

Pezas do Museo Arqueolóxico de Ourense

Aplicación de enlaces e tanxencias

3º trimestre

UNIDADE 11

O audiovisual

Realización dun proxecto audiovisual

Procedemento e fases do proceso creativo

UNIDADE 12

Vistas e escalas

Vistas e escalas IV

Proporcións e escalas gráficas

UNIDADE 13

Aplicación da perspectiva cónica

Escenario. Maqueta, croque e cónica desde diferentes puntos.

As deformacións na cónica

3º. PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

-Exercicios en clase rutinarios

-Exames prácticos

-Exames teóricos

-Exercicios en clase excepcionais

O peso de cada un destes procedementos e instrumentos ven definido nos puntos e) e g). Con respecto aos estándares de aprendizaxe, sempre que as particularidades da unidade permitan un exame obxectivo será celebrado, de non ser así o exercicio de clase substituirá ao exame relativizando o seu valor.

e) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS da materia.

Para os exercicios de clase:

-Na clase explicarase, paso por paso, a realización de cada exercicio que poderá ter formato de lámina ou DIN-A3 ou DIN-A4.

-No caso da teoría, tamén se explicará ou realizará en clase, seguindo as pautas marcadas polo profesor.

Os traballos de clase poderán ser rematados na casa na súa última fase, despois das indicacións pertinentes por parte do profesor.

Na data marcada polo profesor recollerase para ser corrixida e cualificada.

Para os exames:

Versarán sobre os exercicios e materia explicada en clase sexa teoría ou práctica.

f) Materiais e RECURSOS DIDÁCTICOS a utilizar.

1. Útiles de debuxo técnico.

2. Tórculo e demais material de gravado.

3. Ordenadores, escáner, cámara dixital.

4. Barro e arames.

5. Témperas, rotuladores, carbón, lapis de cores e acuarelables, pintura de esmalte, lapis.

6. Diversos tipos de papel

7. Internet.

8. Recursos multimedia.

9. Blog específico da materia

g) Criterios sobre a AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

1. Os exercicios entregados con retraso, sen causa xustificada, valoraranse do seguinte xeito: unha sesión de retraso dous puntos menos do que valerían no seu prazo; dúas sesións de retraso, non serán puntuados.

As correspondencias serían:

En prazo	Correspóndese cun retraso dunha sesión sen xustificar con	Correspóndese cun retraso de dúas sesións ou máis sen xustificar con
10	8	0
9	7	0
8	6	0
7	5	0
6	4	0
5	3	0
4	2	0
3	1	0
2	1	0
1	1	0

2. É obrigatorio asistir a clase co material necesario para a realización dos exercicios, non facelo reiteradamente será valorado para un posible abandono da materia.

3. Tanto nos exercicios de clase coma nos exames prácticos e teóricos, o alumnado deberá axustarse ao exposto na clase á hora das respostas e solución de problemas.

Atenderase a:

- a) Exactitude na resolución dos exercicios e os exames.
- b) Puntualidade na entrega de exercicios
- c) Participar na dinámica da clase e asistir con todo o material necesario.
- d) Comportamento correcto dentro da aula e respecto polo material e os/as compañeiros/as.
- e) Limpeza na presentación dos traballos, e claridade nas exposicións.

4. En todos os cursos faranse exames aproximadamente cada dúas ou tres semanas, co obxecto de non acumular materia e facilitarlle o traballo ao alumnado.

Se o profesor faltara a unha sesión con exame programado, o exame pasa

automaticamente á clase seguinte. Se un alumno ou alumna falta o día dun exame farao na seguinte sesión que asista a clase (sempre que unha enfermidade ou similar lle impedira preparar a proba) en todo caso, é responsabilidade de el ou ela estar ao tanto do avance da materia, estando o profesor á súa disposición fóra do horario de clase para as explicacións pertinentes.

5. Na segunda e terceira avaliación poderanse facer exames con materia das anteriores

6. A avaliación continua implicará que a nota da terceira avaliación sexa a de todo o curso.

7. A nota de cada avaliación obtérase do seguinte xeito:

Media de exames feitos ao longo da avaliación.

Esta media poderase ver alterada polas notas obtidas nos exercicios en forma de láminas, pero nunca substancialmente.

Na primeira e segunda avaliación, os decimais da media obtida dos exames pasarán ao seguinte punto se superan o 0,5 e as láminas do trimestre están aprobadas.

Os decimais da nota ordinaria da materia en xuño pasan ao punto seguinte se foron entregadas as láminas ao longo do curso.

Non entregar as láminas, que supoñen o traballo diario, pode ser motivo de suspender a materia independentemente das cualificacións nos exames.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias PENDENTES.

Con antelación suficiente facilitaráselle ao alumnado toda a información necesaria para afrontar as probas extraordinarias que lle permitan superar a materia, o profesor queda a disposición de quen teña pendente a materia para aclarar persoalmente o que fora necesario.

ANEXO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS PARTICULARIDADES DA PANDEMIA.

Normas xerais

A-Mecánica de clase

Este curso 2021-22, continuamos a mecánica do programado máis arriba, adaptando os materiais cando sexa necesario, de xeito que non usaremos medios nin procedementos que non comprometan as distancias e demais normas preceptivas que rexen no centro. É dicir traballaremos os mesmos estándares a nivel teórico con medios restrinxidos a lapis, rotuladores e medios dixitais, útiles manexables non contorno de acción segura de cada alumna ou alumno.

Cada lámina/exercicio, cos seus estándares correspondentes será explicado en clase e verase reflectido na aula virtual.

B-Normas de convivencia

O profesor aplicará o regulamento de réxime interno na aula, como non pode ser doutra maneira facendo uso de amoestacións ou partes de incidencia se chegara a ser necesario. Ademais tomará nota no caderno de chamadas á orde leves no caso de ser necesario. Estas chamadas tamén terán o seu efecto na nota, deixando de sumar, non restando, como se explica no punto G.

C-Recuperación da materia pendente

Chegado o momento habilitarase un espazo en cada curso da aula virtual, para indicar que traballos terán que facer os alumnos e alumnas nesta situación. Eses traballos, presentados na aula virtual, serán suficientes para superar a material pendente.

D-Todos estes puntos serán comunicados e practicados en clase para garantir a súa comprensión e funcionamento.

Desenvolvemento do curso.

Suposto A

Actividade docente integramente presencial

Seguiremos o previsto en “Normas xerais”

Suposto B

Actividade docente semipresencial

As sesións nas que non asista o alumnado ás aulas seguiremos os contidos por medio da aula virtual onde, como quedou dito, estará todo o necesario para o seguimento do curso.

Completando co contacto telemático necesario para calquera tipo de aclaración.

Este procedemento tamén queda establecido para o caso dunha posible corentena dalgún/ha alumno/a concreto.

Láminas e exames serían entregados na aula virtual.

Suposto C

Actividade docente telemática por confinamento

A partires do momento no que as autoridades indicaran a necesidade do confinamento, seguiríase o programado a través da aula virtual sistematicamente, cos mesmos prazos e mecánica marcados en “Normas xerais” e mantendo o contacto telemático necesario co alumnado e o resto do claustro.